

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

10580 *Real decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas.*

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, establece a obriga das administracións públicas sanitarias de orientar as súas actuacións prioritariamente á promoción da saúde e á prevención das enfermidades.

A citada lei prevé que as actividades e os produtos que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias negativas para a saúde sexan sometidos a control polas administracións públicas. Unha destas actividades é o uso recreativo da auga, en concreto, o uso de instalacións de piscinas, parques acuáticos, centros de hidromasaxe ou usos terapéuticos.

A Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, establece a protección da saúde da poboación como unha das obrigas das administracións públicas, coa identificación, a avaliación, a xestión e a comunicación dos riscos para a saúde que poidan derivar dos condicionantes ambientais; a vixilancia dos factores ambientais de carácter físico, químico ou biolóxico e das situacións ambientais que afectan ou poden afectar a saúde; así como a identificación das políticas de calquera sector que reducen os riscos ambientais para a saúde.

A nivel estatal, a normativa vixente sobre piscinas é a Orde do 31 de maio de 1960 sobre piscinas públicas. Esta orde foi modificada pola Orde do 12 de xullo de 1961 pola que se someten as piscinas privadas ao disposto na Orde do 31 de maio de 1960, reguladora do funcionamento destas piscinas de carácter público, polo que este real decreto actualiza e describe os criterios sanitarios básicos e mínimos da normativa de piscinas no ámbito nacional, dada a importancia que supón o uso destas piscinas para a saúde humana.

Os criterios básicos que describe este real decreto aplicaranse a todas as piscinas que non estean incluídas no ámbito do Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño.

Fíxanse os parámetros, os valores paramétricos que hai que cumprir na auga dos vasos destas piscinas e a súa frecuencia mínima de mostraxe. Estes valores baséanse principalmente en motivos de saúde pública e nas recomendacións da Organización Mundial da Saúde e, nalgúns casos, aplicarase o principio de precaución para asegurar un alto nivel de protección da saúde dos usuarios. Ante incumprimentos dos criterios de calidade que sinala esta disposición, será necesaria a investigación da causa subxacente e garantir que se apliquen o antes posible as medidas correctoras e preventivas para a protección da saúde dos usuarios.

Pero non só deberá ser adecuada a calidade da auga senón tamén a calidade do aire naquelas piscinas cubertas, incluídos os centros de hidromasaxe e as piscinas terapéuticas, polo que se fixa unha serie de parámetros básicos operacionais que lle sirvan ao titular da piscina para ter unha calidade correcta do aire que non produza riscos para a saúde.

Ademais, o público deberá recibir información suficiente e oportuna sobre a calidade da auga da piscina, as medidas correctoras e preventivas, así como sobre todos aqueles aspectos que afecten situacións de incidencias e que poidan implicar un risco para a saúde dos usuarios ou que sexan do seu interese.

O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade elaborará o informe nacional anual cos datos que unha vez ao ano remitan as comunidades autónomas, que servirán de instrumento para o seguimento da aplicación da norma e futuras políticas sanitarias, así como para a información pública.

O carácter técnico e básico da materia regulada neste real decreto fai necesaria a adopción desta disposición regulamentaria, como instrumento normativo idóneo para unificar criterios, actualizar a norma aos coñecementos científicos e técnicos e asegurar o cumprimento da regulación básica aplicable á xestión da calidade das augas de piscinas.

A utilización dun real decreto como instrumento legislativo vén xustificada polo obxecto e a finalidade desta norma, que non é outra que a protección da saúde dos usuarios de piscinas, mediante o establecemento de criterios básicos técnico-sanitarios da calidade da auga e do aire, evitando os posibles riscos físicos, químicos ou microbiolóxicos derivados do uso delas, o que resulta un complemento necesario para garantir a consecución da finalidade obxectiva a que responde a competencia estatal sobre as bases.

Esta disposición foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, co obxecto de dar cumprimento ao artigo 12 da citada directiva.

Na elaboración deste real decreto foron oídos os sectores afectados, consultadas as comunidades autónomas e emitiu informe o Consello de Consumidores e Usuarios.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle reserva ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de setembro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer os criterios básicos técnico-sanitarios da calidade da auga e do aire das piscinas coa finalidade de protexer a saúde dos usuarios de posibles riscos físicos, químicos ou microbiolóxicos derivados do uso destas.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto establécense as seguintes definicións:

1. Piscina: instalación formada por un vaso ou un conxunto de vasos destinados ao baño, ao uso recreativo, ao adestramento deportivo ou terapéutico, así como as construcións complementarias e servizos necesarios para garantir o seu funcionamento. Poden ser descubertas, cubertas ou mixtas.

2. Piscina de uso público: aquelas piscinas abertas ao público ou a un grupo definido de usuarios, non destinada unicamente á familia e aos convidados do propietario ou ocupante, con independencia do pagamento dun prezo de entrada. Poderán ser:

a) Tipo 1. Piscinas onde a actividade relacionada coa auga é o obxectivo principal, como no caso de piscinas públicas, de lecer, parques acuáticos ou spas.

b) Tipo 2. Piscinas que actúan como servizo suplementario ao obxectivo principal, como no caso de piscinas de hoteis, aloxamentos turísticos, cámpings ou as terapéuticas en centros sanitarios, entre outras.

3. Piscinas de uso privado: aquelas piscinas destinadas unicamente á familia e aos convidados do propietario, ou ocupante, incluíndo o uso relacionado co alugamento de casas para uso familiar.

a) Tipo 3A: piscinas de comunidades de propietarios, casas rurais ou de agroturismo, colexios maiores ou similares.

b) Tipo 3B: piscinas unifamiliares.

4. Piscina natural: aquela en que a auga de alimentación do vaso é auga costeira ou continental, está situada xunto ao seu medio natural, a renovación da auga está asociada ao movemento natural de mareas ou cursos de ríos e está dentro do ámbito de aplicación do Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño.

5. Vaso de auga termal ou mineromedicinal: vaso cuxa auga de alimentación foi declarada mineromedicinal ou termal pola autoridade competente e non está tratada quimicamente, situada nunha estación termal e utilizada exclusivamente para tratamentos médico-termais.

6. Vaso: estrutura construtiva que contén a auga destinada aos usos previstos no número 1.

Os vasos poderán ser:

- a) Polivalentes, de ensinanza, de chapuzadura, de recreo ou de natación.
- b) Fosos de saltos.
- c) De hidromasaxe: con chorros de aire ou auga.
- d) Terapéuticos: para usos médicos ou rehabilitación.

7. Vaso climatizado: vaso sometido a un proceso de quentamento, co fin de regular a súa temperatura.

8. Titular: persoa física ou xurídica, pública ou privada ou comunidade de propietarios que sexa propietaria da piscina, responsable do cumprimento deste real decreto. No caso de que a piscina sexa explotada por persoa física ou xurídica diferente do propietario, será titular para os efectos da explotación en relación con este real decreto quen asuma esa explotación.

9. Sistema semiautomático de tratamento: aquel en que a dosificación dos produtos químicos se realiza de forma non manual, mediante un equipamento programable sen medición en continuo de ningún parámetro.

10. Sistema automático de tratamento: aquel en que a dosificación dos produtos químicos se realiza de forma non manual, mediante un equipamento programable e asociado á medición en continuo dalgún parámetro.

11. Autoridade competente: órganos das comunidades autónomas, das cidades de Ceuta e Melilla e das administracións locais no ámbito das súas competencias.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto aplicarase a calquera piscina de uso público instalada no territorio español ou baixo bandeira española.

2. No caso das piscinas de uso privado de tipo 3A deberán cumprir, como mínimo, o disposto nos artigos 5, 6, 7, 10, 13 e 14.d), e) e f). A autoridade competente poderá exixir o cumprimento das restantes disposicións deste real decreto; en tal caso, deberá comunicarllo ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade antes dos 12 meses seguintes á entrada en vigor deste real decreto.

3. As piscinas de uso privado de tipo 3B deberán cumprir o disposto no artigo 13.

4. Exclúense do ámbito de aplicación deste real decreto:

- a) As piscinas naturais.
- b) Os vasos termais ou mineromedicinais.

Artigo 4. *Actuacións e responsabilidades.*

1. O titular da piscina deberá comunicarlle a súa apertura á autoridade competente, antes da súa entrada en funcionamento tras as obras de construción ou modificación. Esa comunicación poderá ser realizada por medios electrónicos.

2. Unha vez iniciada a actividade, o funcionamento da piscina é unha responsabilidade exclusiva do titular, quen deberá, por tanto, observar e cumprir as

exixencias derivadas desta norma e demais disposicións vixentes sen prexuízo de que a Administración competente estableza as medidas de vixilancia que considere pertinentes.

3. O titular da piscina deberá rexistrar os datos relativos ao autocontrol e as situacións de incidencias e incumprimento, coas medidas correctoras adoptadas, preferentemente en soporte informático.

4. A autoridade competente porá á disposición dos titulares unha guía adecuada ao seu territorio para o deseño do programa de autocontrol de piscinas ou, no seu defecto, un programa de vixilancia sanitaria das piscinas para o seu ámbito territorial.

Artigo 5. *Características da piscina.*

1. Todo proxecto novo de construción dunha piscina ou de modificación construtiva do vaso, que se inicie a partir da entrada en vigor desta norma, deberá seguir o disposto no Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación, e no Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios. Ademais, rexeráse por calquera outra lexislación e norma que lle for de aplicación.

2. O titular da piscina deberá velar para que as súas instalacións teñan os elementos adecuados para prever os riscos para a saúde e garantir a salubridade das instalacións.

Artigo 6. *Tratamento da auga.*

1. Os tratamentos previstos serán os adecuados para que a calidade da auga de cada vaso cumpra co disposto neste real decreto.

2. A auga de recirculación de cada vaso deberá estar, cando menos, filtrada e desinfectada antes de entrar no vaso, igual ca a auga de alimentación, se non procede da rede de distribución pública.

3. Os tratamentos químicos non se realizarán directamente no vaso. A auga deberá circular polos distintos procesos unitarios de tratamento antes de pasar ao vaso.

En situacións de causa xustificada, o tratamento químico poderíase realizar no propio vaso, sempre co seu peche previo e coa ausencia de bañistas nel, e garantiríase un prazo de seguridade antes da súa nova posta en funcionamento.

Artigo 7. *Produtos químicos utilizados para o tratamento da auga do vaso.*

1. As substancias biocidas utilizadas no tratamento da auga do vaso serán as incluídas como tipo de produto 2: desinfectantes utilizados nos ámbitos da vida privada e da saúde pública e outros biocidas, do Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas, e doutra lexislación ou norma específica que lle for de aplicación.

2. O resto de substancias químicas utilizadas no tratamento da auga de cada vaso estarán afectadas polos requisitos previstos no Regulamento (CE) n.º 1907/2006, relativo ao rexistro, avaliación, autorización e restrición de substancias e preparados químicos (REACH), e noutra lexislación ou norma específica que lle for de aplicación.

3. No caso de piscinas novas ou de modificación construtiva do vaso, a dosificación das mesturas ou substancias sinaladas nos números 1 e 2 realizarase con sistemas automáticos ou semiautomáticos de tratamento, sen prexuízo do disposto no segundo parágrafo do artigo 6.3.

Artigo 8. *Persoal.*

O persoal para a posta a punto, o mantemento e a limpeza dos equipamentos e das instalacións das piscinas deberá contar co certificado ou título que o capacite para o desempeño desta actividade mediante a superación dos contidos formativos que para tal efecto estableza o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e nas condicións que este determine.

Artigo 9. Laboratorios e métodos de análise.

1. Os laboratorios onde se analicen as mostras de auga de piscina deberán ter implantado un sistema de garantía de calidade.

2. Os laboratorios onde se realicen as determinacións analíticas en mostras de auga de piscina, e non teñan os métodos de análise acreditados pola norma UNE EN ISO/IEC 17025, deberán ter polo menos os procedementos validados de cada método de análise utilizado, para a cuantificación de cada un dos parámetros no intervalo de traballo adecuado para comprobar o cumprimento dos valores paramétricos do anexo I, con determinación da súa incerteza e dos límites de detección e cuantificación.

3. Os kits usados nos controis da auga da piscina deberán cumprir coa norma UNE-ISO 17381 «Calidade da auga. Selección e aplicación de métodos que utilizan kits de ensaio listos para usar na análise da auga» ou con outra norma ou estándar análoga que garanta un nivel de protección da saúde, cando menos, equivalente.

4. O titular da piscina deberá dispor dos procedementos escritos dos métodos de análise in situ utilizados para a cuantificación dos parámetros e dos límites de detección ou de cuantificación.

Artigo 10. Criterios de calidade da auga e do aire.

1. A auga do vaso deberá estar libre de organismos patóxenos e de substancias nunha cantidade ou concentración que poida supor un risco para a saúde humana, e deberá cumprir cos requisitos que se especifican no anexo I. A auga do vaso deberá conter desinfectante residual e ter poder desinfectante.

2. O aire do recinto dos vasos cubertos ou mixtos e nas salas técnicas non deberá entrañar un risco para a saúde dos usuarios, non deberá ser irritante para os ollos, a pel ou as mucosas e deberá cumprir cos requisitos que se especifican no anexo II.

Artigo 11. Control da calidade.

1. O titular da piscina deberá controlar en cada vaso, como mínimo, os parámetros establecidos nos anexos I e II.

2. Os controis que se deberán serán os seguintes:

a) Control inicial: realizarase, cando menos, naqueles vasos nos cales a auga de achega non proceda da rede de distribución pública, controlaranse os parámetros previstos nos anexos I e II. Realizarase durante a quincena anterior á apertura da piscina.

Así mesmo, este control inicial levarase a cabo, en todo caso, despois de ter o vaso pechado máis de 2 semanas ou despois de peches temporais que poidan supor variacións significativas dos parámetros de control da auga ou do aire.

b) Control de rutina: control diario que ten por obxecto coñecer a eficacia do tratamento da auga de cada vaso; controlaranse conforme o descrito no anexo III.

c) Control periódico: control mensual que ten por obxecto coñecer o cumprimento da auga de cada vaso co disposto nos anexos I e II; controlaranse conforme o descrito no anexo III.

3. En piscinas cubertas ou mixtas asegurárase unha boa renovación do aire e realízanse, polo menos, os controis en aire que sinala o anexo II conforme o descrito no anexo III.

4. Os puntos de toma de mostra da auga serán representativos de cada vaso e do circuíto. Polo menos deberase dispor:

a) Dun no circuíto á entrada do vaso ou á saída do tratamento antes da entrada ao vaso. Nas piscinas de nova construción disporase de billas adecuadas para a toma de mostra instaladas no punto de mostraxe do circuíto, e

b) Dun no propio vaso, na zona máis afastada da entrada da auga ao vaso.

5. O titular da piscina deberá dispor dun protocolo de autocontrol específico da piscina, que sempre estará na propia piscina á disposición do persoal de mantemento e da autoridade competente, e deberá actualizalo coa frecuencia necesaria en cada caso. Este protocolo de autocontrol deberá prever, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) Tratamento da auga de cada vaso.
- b) Control da auga.
- c) Mantemento da piscina.
- d) Limpeza e desinfección.
- e) Seguridade e boas prácticas.
- f) Plan de control de pragas.
- g) Xestión de provedores e servizos.

6. Ante a sospeita dun risco para a saúde dos usuarios ou en función de datos históricos desa piscina, a autoridade competente poderá requirirlle ao seu titular que inclúa no seu protocolo de autocontrol os parámetros, puntos de mostraxe, mostraxes complementarias e outros criterios de calidade que considere necesarios, ou incrementar a frecuencia de mostraxe ou establecer valores máis estritos que os sinalados neste real decreto que crea oportunos para salvagardar a saúde dos usuarios.

Artigo 12. *Situacións de incumprimento.*

1. As situacións de incumprimento serán aquelas en que non se cumpra o disposto nos anexos I, II ou III. Unha vez detectada a situación de incumprimento, o titular investigará inmediatamente o seu motivo, adoptará as medidas correctoras oportunas e, de ser o caso, as medidas preventivas para que non volva ocorrer. A autoridade competente, se así o dispón, será informada do incumprimento. Esa comunicación poderá ser realizada por medios electrónicos.

2. O titular realizará unha comprobación de que os motivos do incumprimento se corrixiron correctamente. Se é o caso, comunicarlle aos usuarios e á autoridade competente.

3. O vaso deberá ser pechado ao baño, ata que se normalicen os seus valores, polo menos, nas seguintes situacións:

- a) Cando o titular ou a autoridade sanitaria considere que existe de forma inminente un risco para a saúde dos usuarios.
- b) Tras o control de rutina e/ou periódico cando se presenten as condicións de peche do vaso previstas no anexo I.
- c) Cando na auga do vaso haxa presenza de feces ou vómitos ou outros residuos orgánicos visibles.

Artigo 13. *Situacións de incidencia.*

1. As situacións de incidencia son as descritas no número 7 do anexo V.

2. Unha vez detectada a situación de incidencia, o titular deberá realizar as xestións oportunas para coñecer as causas, así como adoptar as medidas correctoras e preventivas.

3. A autoridade competente deberá ser informada da situación de incidencia. Esta comunicación poderá ser realizada por medios electrónicos.

4. A autoridade competente deberá notificarlo, no prazo máximo dun mes, ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. A notificación realizarase por medio electrónico ou comunicación electrónica a través da páxina web do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e conterá a información descrita no anexo V.

Artigo 14. Información ao público.

O titular da piscina porá á disposición dos usuarios nun lugar accesible e facilmente visible, cando menos, a seguinte información:

- a) Resultados dos últimos controis realizados (inicial, rutina ou periódico), con indicación do vaso a que se refiren e da data e da hora da toma de mostra. Estas análises exponerse ao público en canto o titular da piscina obteña os resultados.
- b) Información sobre as situacións de incumprimento dos anexos I ou II, as medidas correctoras, así como as recomendacións sanitarias para os usuarios en caso de que houbese un risco para a saúde.
- c) Material divulgativo sobre a prevención de afogamentos, traumatismos cranioencefálicos e lesións medulares. No caso das piscinas non cubertas, disporán ademais de material sobre protección solar.
- d) Información sobre as substancias químicas e mesturas utilizadas no tratamento.
- e) Información sobre a existencia ou non de socorrista e os enderezos e teléfonos dos centros sanitarios máis próximos e de emerxencias.
- f) As normas de utilización da piscina e os dereitos e deberes para os seus usuarios.

Artigo 15. Remisión de información.

1. Polo menos no caso de piscinas de uso público, a autoridade competente remitiralle ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, por medio electrónico ou comunicación electrónica, antes do 30 de abril de cada ano, a información do ano anterior relativa aos datos descritos no anexo IV. No caso de non variar a información da piscina relativa ás partes A e B do anexo IV, a súa notificación será, polo menos, cada 5 anos, comezando no ano de entrada en vigor desta norma.

2. No seo da Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde consensuaranse os mecanismos para a remisión da información contida no anexo IV.

Artigo 16. Réxime sancionador.

Sen prexuízo doutra normativa que puider resultar aplicable, o incumprimento das disposicións deste real decreto poderá dar lugar á aplicación das sancións establecidas na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e na Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública.

Disposición adicional primeira. Actuacións do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade:

- a) Elaborará un informe técnico anual sobre a calidade das piscinas en España, baseándose na información remitida por cada comunidade autónoma ou polas cidades de Ceuta e Melilla, que porá á disposición do cidadán e das administracións na súa páxina web.
- b) Elaborará material divulgativo sobre protección solar e prevención de afogamentos, traumatismos cranioencefálicos e lesións medulares; guías sobre as boas prácticas no mantemento das piscinas; así como unha guía para o deseño do programa de autocontrol.
- c) Planificará, coordinará e avaliará programas nacionais destinados a previr riscos específicos polo uso de piscinas e das súas instalacións.

Disposición adicional segunda. *Instalacións do Ministerio de Defensa.*

As disposicións deste real decreto, cando afecten unidades, centros e organismos pertencentes ao Ministerio de Defensa e aos seus organismos públicos, serán aplicadas pola Inspección Xeral de Sanidade da Defensa e as accións que sexan necesarias coordinaranse co Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e as autoridades sanitarias autonómicas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derrogadas a Orde do 31 de maio de 1960 sobre piscinas públicas e a Orde do 12 de xullo de 1961 pola que se someten as piscinas privadas ao disposto na do 31 de maio de 1960, reguladora do funcionamento destas instalacións de carácter público, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.*

O artigo 10 do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o número 4, que queda redactado como segue:

«4. Os aparellos de tratamento da auga en edificios, segundo se definen no artigo 2.20, non deberán transmitir á auga substancias, xermes ou propiedades indesexables ou prexudiciais para a saúde e deben cumprir co disposto no artigo 14 e garantir que a auga cumpra co anexo I».

Dous. Inclúese un novo número 5 coa seguinte redacción:

«5. Os fabricantes de aparellos de tratamento da auga en instalacións interiores deberán cumprir:

a) Co Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación, en particular, co sinalado na sección HS4. Subministración de auga, se os aparellos de tratamento da auga se instalan na entrada dos edificios.

b) Coa norma UNE 149101. Equipamento de acondicionamento da auga no interior dos edificios. Criterios básicos de aptitude de equipamentos utilizados no tratamento da auga de consumo humano no interior de edificios, ou outra norma ou estándar análogo que garanta un nivel de protección da saúde, polo menos, equivalente, se os aparellos de tratamento da auga se instalan nas billas.

Os fabricantes terán un período de dous anos para adecuarse ao disposto nesta alínea.»

Tres. Inclúese un novo número 6 coa seguinte redacción:

«6. Os responsables das instalacións onde se coloquen os aparellos de tratamento da auga na entrada da instalación ou os responsables das instalacións públicas ou con actividade comercial que instalen estes aparellos nas billas deberán estar en posesión da documentación do fabricante conforme sinalan as alíneas 5.a) e b).»

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habíltese a persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do establecido neste real decreto, e para modificar os seus anexos segundo os avances dos coñecementos científicos e técnicos.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento do contido formativo.*

O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade establecerá no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor deste real decreto os contidos formativos para a obtención do certificado ou título que capacite para a posta a punto, o mantemento e a limpeza dos equipamentos e das instalacións das piscinas previsto no artigo 8.

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle reserva ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de setembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade,
ANA MATO ADROVER

ANEXO I

Parámetros indicadores da calidade da auga

Parámetro	Valor paramétrico	Unidades	Notas	Condições para o peche do vaso
pH	7,2 – 8,0		Cando os valores estean fóra do rango, determinarase o índice de Langelier, que deberá estar entre $-0,5$ e $+0,5$.	Cando os valores estean por debaixo de 6,0 ou por riba de 9,0, pecharase o vaso ata a normalización do valor.
Temperatura	24-30 °C >36 en hidromasaxe	°C	Só no caso de vasos climatizados.	Cando en vasos climatizados os valores superen 40 °C, pecharase o vaso ata a normalización do valor.
Transparencia	Que sexa ben visible o desaugadoiro de fondo			Cando non se poida distinguir o desaugadoiro do fondo ou o disco de Secchi.
Potencial redox	Entre 250 e 900 mV		Medirase cando os desinfectantes sexan distintos do cloro ou do bromo e os seus derivados.	
Tempo de recirculación	Tempos segundo as especificacións e necesidades da piscina para cumprir cos parámetros de calidade.	(horas)		
Turbidez	≤ 5	UNF		Cando os valores superen 20 UNF pecharase o vaso ata a normalización do valor.
Desinfectante residual:				
Cloro libre residual	0,5 – 2,0 Cl ₂	mg/l	Controlarase cando se utilice cloro ou derivados do cloro como desinfectante.	En caso de ausencia ou superación de 5 mg/l, pecharase o vaso ata a normalización do valor; en caso de piscinas cubertas, intensificarase, ademais, a renovación do aire.
Cloro combinado residual	$\leq 0,6$ Cl ₂	mg/l	Controlarase cando se utilice cloro ou derivados do cloro como desinfectante.	En caso de superación de 3 mg/l, pecharase o vaso ata a normalización do valor; en caso de piscinas cubertas, intensificarase, ademais, a renovación do aire.
Bromo total	2 - 5 mg/l Br ₂	mg/l	Controlarase cando se utilice bromo como desinfectante.	En caso de superación de 10 mg/l, pecharase o vaso ata a normalización do valor; en caso de piscinas cubertas, ademais, intensificarase a renovación do aire.
Ácido isocianúrico	≤ 75	mg/l	Controlarase cando se utilicen derivados do ácido tricloroisocianúrico.	En caso de superación de 150 mg/l pecharase o vaso ata a normalización do valor.
Outros desinfectantes			Segundo o disposto pola autoridade competente.	Segundo o disposto pola autoridade competente.

Parámetro	Valor paramétrico	Unidades	Notas	Condições para o peche do vaso
Indicadores microbiolóxicos				
<i>Escherichia coli</i>	0	UFC ou NMP en 100 ml		En caso de sospeita ou constatación do incumprimento do valor paramétrico, pecharase o vaso e poranse as medidas correctoras oportunas para que non exista un risco para a saúde dos bañistas.
<i>Pseudomonas aeruginosa</i>	0	UFC ou NMP en 100 ml		
<i>Legionella spp.</i>	<100	UFC / L	Só en caso de vasos con aerosolización e climatizados.	

ANEXO II**Parámetros indicadores da calidade do aire**

Medirase en aire, no caso de piscinas cubertas:

Parámetro	Valor paramétrico
Humidade relativa	< 65 %
Temperatura ambiente	A temperatura seca do aire dos locais que alberguen piscinas climatizadas manterase entre 1 °C e 2 °C por encima da da auga do vaso, excepto vasos de hidromasaxe e terapéuticos.
CO ₂	A concentración de CO ₂ no aire do recinto dos vasos cubertos non superará máis de 500 mg/m ³ do CO ₂ do aire exterior.

ANEXO III**Frecuencia mínima de mostraxe**

Controis	En auga	En aire	Frecuencia mínima	Lugar onde se deben realizar os controis
Inicial	Todos	Todos	Unha vez, segundo o sinalado no artigo 11.2.a)	En laboratorio e nos contadores da piscina
Rutina	pH, desinfectante residual, turbidez, transparencia, temperatura, tempo de recirculación	Todos	Polo menos unha vez por día e segundo o sinalado no artigo 11.4 pola mañá antes de abrir as piscinas ao público	<i>In situ</i> e nos contadores da piscina
Periódico	Todos	Todos	Polo menos unha vez ao mes * e segundo o sinalado no artigo 11.4	En laboratorio e nos contadores da piscina

* O titular poderá solicitarlle á autoridade competente unha redución da frecuencia da mostraxe do control periódico, cando, despois de dous anos de autocontrol, todos os valores do control de rutina e control periódico cumprisen sempre cos valores paramétricos dos anexos I e II.

ANEXO IV

Información básica periódica por piscina

Parte A. *Instalación*

- Provincia:
- Municipio:
- Localidade:
- Código postal:
- Enderezo postal:
- Coordenadas xeográficas:
- Denominación da piscina:
- Tipo de piscinas: tipo 1, tipo 2.
- Auga de alimentación: a) rede pública, b) non de rede pública, c) auga de mar.
- Tipo de vaso:

	Polivalente	Ensinanza	Chapuzadura	Recreo	Natación	Foso de saltos	Hidromasaxe	Terapéutico
Número								
Vaso descuberto								
Vaso cuberto								
Vaso mixto								
Capacidade (m ³)								
Lámina (m ²)								

Parte B. *Tratamento da auga dos vasos da piscina*

- Filtración: por area, por diatomeas, por zeolitas, microfiltración, nanofiltración, ultrafiltración, osmose inversa, electrodiálise reversible, resinas, outro tipo de filtración:
- Superficie filtrante:
- Velocidade de filtración máxima:
- Desinfección: hipoclorito sódico ou cálcico, dióxido de cloro, cloraminas, ácido tricloroisocianúrico, biguanidas, bromoclorodimetilhidantoína, ozono, bromo, ultravioleta, electrólise, outros:
- Floculantes:
- Corrector de pH:
- Outros tratamentos:

Parte C. *Mostraxes por vasos*

Temporada: apertura-peche:

Parámetro:

Mostraxes realizadas (n.º):

Mostraxes conformes cos valores paramétricos (n.º):

Valor medio, valor máximo, valor mínimo:

Unidade:

Número de días con incumprimento na temporada:

ANEXO V

Notificación de incidencias en piscinas

1. Comunidade Autónoma:
2. Provincia:
3. Municipio:
4. Tipo de piscina:
 - a) Tipo 1:
 - b) Tipo 2:
 - c) Tipo 3A:
 - d) Tipo 3B:
5. Denominación da piscina (*):
6. Enderezo postal (*):
7. Tipo de incidencia:
 - a) Afogamentos:
 - b) Afogamentos con resultado de morte:
 - c) Lesións medulares:
 - d) Traumatismos cranioencefálicos:
 - e) Queimaduras graves:
 - f) Electrocución:
 - g) Intoxicación por produtos químicos:
 - h) Outras:
 - Especifíquese:
8. Data da incidencia:
9. Número de afectados:
10. Sexo:
11. Idade:
12. Accións:
 - a) Sen peche da piscina:
 - b) Con peche temporal da piscina:
 - c) Con peche definitivo da piscina:
13. Data da notificación:
14. Organismo que notifica:

(*) Non se aplica ás piscinas tipo 3B